



Guía Docente				
Datos Identificativos				2017/18
Asignatura (*)	Lingua Inglesa e os seus Usos 1	Código	613G03020	
Titulación	Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Inglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Perez Janeiro, Purificacion	Correo electrónico	purificacion.pjaneiro@udc.es	
Profesorado	Keane , Sean Perez Janeiro, Purificacion	Correo electrónico	sean.keane@udc.es purificacion.pjaneiro@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Ampliación do estudo normativo da lingua inglesa. Elaboración e análise de textos oral e escrito de diferentes ámbitos			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A6	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua inglesa.
A9	Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A21	Coñecer a evolución histórica externa e interna da lingua inglesa.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias do título	
O alumno desenvolverá estratexias para a adquisición de vocabulario novo e para a consolidación do coñecido. O alumno apreciará a importancia da colocación correcta; comprenderá os matices. O alumno decatarse da importancia do rexistro, formato, estilo e contexto. Ademais de adquirir coñecementos teóricos, ao alumno animaráselle a poñer en práctica as súas habilidades. O estudo individual autónomo e a autocrítica son esenciais neste nivel, e o alumno debe recordar o seu papel e responsabilidade no proceso de aprendizaxe/ensino do cal forma parte.	A1	B1	C2
	A2	B3	
	A6	B4	
	A9	B6	
	A10	B7	
	A15		
Familiarización con diferentes acentose rexistros.	A15		
Redacción de textos de tipo diferente e para fins diferentes	A6	B5	
	A9		
	A15		

Contidos



Temas	Subtemas
1. Aspectos introductorios do aprendizaxe das estruturas e vocabulario nun contexto	Estratexias de aprendizaxe; tipos de significado; o uso dun dicionario (tipos);colocacións; rexistro; conotacións e asociacións culturais.
2. A formación das palabras	Abreviaturas e acrónimos; prefixos; sufixos; formación de palabras novas; contacto entre linguas (préstamos); palabras parecidas pero distintas
3. Textos e Contextos	Campos de interese: Diferentes discursos Relaciones personales. Instituciones. Ocio
4. O Inglés académico	Ensayos. Vocabulario académico. Presentaciones
5. O Inglés profesional	Negocios. Inglés y la ciencia y tecnología
6.Modismos. Metáforas.	Vocabulario

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	B5 B6 C2	5	0	5
Esquemas	A1 A2 A21 B3	10	20	30
Sesión maxistral	B4	20	41	61
Proba mixta	A2 A6 A10 A15 B7 C2	2	14	16
Traballos tutelados	A2 A6 A9 A15 B1 B6 B7	2	16	18
Proba oral	A6 A9 C2	2	16	18
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Aspectos relacionados co aprendizaxe da lingua en contexto.Tipos de significados; conotacións, rexistro.
Esquemas	O uso de diagramas e esquemas para comprender e assimilar mellor os matices do vocabulario novo.
Sesión maxistral	Nas sesións do grupo enteiro, explicacións e orientacións para o mellor aproveitamento do material presentado
Proba mixta	Completar distintos tipos de exercicios; discriminar usos e significados; explicar diferenzas; transformar oracións.
Traballos tutelados	Redacciones sobre temas diversos relacionados co traballado en clase.
Proba oral	Entrevista individual ou por parellas; preguntas de comprensión; destrezas orais. Interacción e comunicación de ideas, opinións, etc. Competencia comunicativa.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Proba oral	Tanto a profesora como o/a lector/a están dispoñibles durante as horas de titoría semanais para resolver problemas ou ofrecer suxestións. Fóra destas horas tamén poden contactar connosco por correo electrónico. Existe unha oficina (ADI) na universidade que se especializa en "atender os membros da comunidade universitaria con necesidades especiais derivadas da discapacidade ou doutras formas de diferenza fronte á poboación maioritaria". O alumnado que o desexe pode falar coa profesora Ana Veleiro para acadar máis información ou poñerse directamente en contacto coa ADI en http://www.udc.es/cufie/uadi/ . Tamén no teléfono 5622 ou na dirección de email adi@udc.es .

Avaliación



Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A2 A6 A9 A15 B1 B6 B7	Entrega de dúas redaccións sobre distintos temas relacionados co traballo de clase. A nota para esta parte será a media de ambos os dous. Ver datas máis abaixo.	20
Proba mixta	A2 A6 A10 A15 B7 C2	Completar distintos tipos de exercicios; discriminar usos e significados; explicar diferenzas; transformar oracións.	50
Proba oral	A6 A9 C2	Exposición oral dun traballo; preguntas de comprensión; comprobación das destrezas orais do alumno: iniciativa e interacción do alumno, rexistro adecuado, amplitude de recursos lingüísticos, capacidade de comunicación. Entrevista	30

Observacións avaliación

- Entrega de traballos tutelados: última semana de outubro e última de novembro. É necesario entregar ambos os dous traballos para poder optar a que se sumen o resto das notas na primeira oportunidade de avaliación. A asistencia habitual é un indicador do interese do alumno pola materia. 3. As datas para a entrega de tarefas e para a realización da proba oral deben respectarse; calquera incidencia que impide cumprir coas datas debe xustificarse documentalmente. 4. Proba mixta: data aprobada por Xunta de Facultade (primeira oportunidade ao finalizar o cuadrimestre). Esta data non é negociable. 5. Proba oral: entre o 30 de novembro e o 10 de decembro 2017.
- Un 5 sobre 10 é necesario en cada apartado da avaliación para superar a materia. 7. A segunda oportunidade de xullo, segundo o calendario académico, basearase na repetición de la(s) parte(s) da avaliación que non se superaron, conservando as mesmas porcentaxes. Se a parte dos traballos tutelados non se aproba na primeira oportunidade, o alumno debe presentar dous traballos novos necesariamente antes do comezo do período de exames de xullo. A repetición do exame oral, en caso de suspenso na primeira oportunidade, levaráse a cabo ANTES do período de exámes.
- Obterá unha cualificación de "non presentado" aquel/a estudante que non se presente a ningunha das dúas probas (a mixta e a oral) e que tampouco realizase os traballos tutelados.
- Aqueles alumnos que oficialmente fosen matriculados a tempo parcial, e que posúan unha dispensa académica, tal e como establece a Normativa de permanencia desta universidade, serán avaliados en calquera oportunidade seguindo os mesmos criterios que para a segunda oportunidade de xullo.
- Os alumnos/ás que suspendan na primeira oportunidade e non se presenten á segunda oportunidade de xullo terán a nota de suspenso. Os alumnos que se presentan á convocatoria adiantada de decembro avaliaranse segundo as normas especificadas para a oportunidade de xullo.

Fontes de información

Bibliografía básica	- McCarthy, M. & Felicity O'Dell. ISBN-13: 978-0521677462 (2006). English Vocabulary in Use Advanced with Answers and CD-ROM. Cambridge: CUP - Mc Carthy, M & Felicity O'Dell. (2008). Academic Vocabulary in Use. Cambridge: CUP
Bibliografía complementaria	- McCarthy, M. & Felicity O'Dell. ISBN-13: 978-0521684187 (2007). English Phrasal Verbs in Use: Advanced. Cambridge: CUP - O'Dell, Felicity & M. McCarthy. ISBN-13: 978-0521707800 (2008). English Collocations in Use: Advanced. Cambridge: CUP - O'Dell, Felicity & M. McCarthy. ISBN-13: 978-0521744294 (2010). English Idioms in Use Advanced with Answers. Cambridge: CUP - Fowler, R. (1981). Literature as Social Discourse. Harlow: Pearson - Mascull, B. (2002). Business Vocabulary in Use. Cambridge: CUP

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente



Lingua Inglesa 1/613G03003
Lingua Inglesa 2/613G03008
Lingua Inglesa 3/613G03015
Lingua Inglesa 4/613G03019

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Recoméndase a asistencia e participación en clase, para estar ao día no estudo, e a realización de todas as tarefas asignadas dentro dos prazos indicados. A asistencia á clase facilita unha mellor comprensión da materia, adquisición de competencias en grupos e individual, aprendizaxe continua, a interacción directa con outros alumnos e alumnas ou a posibilidade dunha metodoloxía docente-discente máis participativa. Cabe recordar que a UDC é unha universidade presencial. Nos casos considerados na normativa da Facultad, os alumnos poderán solicitar exención oficial de docencia. As datas para a realización das probas orais anunciaranse con antelación abondo, e poñeranse en Moodle.

Recoméndase consultar os avisos postos nesta plataforma virtual con asiduidade. Non asistir ao exame oral ou escrito significa que se perde a primeira oportunidade para esta(s) parte(s) da avaliación. Desta forma só quedará a segunda oportunidade.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías